MOTA VAISE DE VIAXE A PORTUGAL

RING RING RING RING RING

—Ola! Si, si, hoxe viaxo a Lisboa. Esta semana comezamos a montaxe da exposición de **SANDRA CINTO** en Appleton.

—Si! Ela realizará un grande debuxo sobre a **PAREDE** —dixo David.

Cando escoitei esa conversa telefónica, entráronme moitas ganas de viaxar con David. Eu nunca saíra de **DIDAC.** A posibilidade de coñecer outro lugar chamábame moito a atención. Por que non?



Desta forma podía coñecer Appleton, un espazo en **LISBOA** co que compartimos exposicións. Algunhas que terminan en DIDAC viaxan a Lisboa e pódense ver alí durante unha tempada e outras viaxan desde Lisboa para que as podamos ver en Santiago de Compostela.

Nesta ocasión, a de Sandra só se ía realizar alí, por iso non quería perdela! Ademais, ela viña desde Brasil,

ASÍ TERÍA A OPORTUNIDADE DE COÑECELA EN PERSOA!

A quen xa tiña o gusto de coñecer era a algunhas das súas obras. Sabedes por que? Porque cando me fun vivir a DIDAC convivín con elas, eran **CINCO CADROS** dos que me fixen moi amiga.

ZAS!

Dei un salto e metinme no peto de David.



Fixemos a viaxe en coche, durante unhas 6 horas. Cando chegamos, estabamos esgotadas. El era o **COMISARIO** da exposición: a persoa que conta historias cuxos personaxes son as obras de arte. Son como as guionistas das películas. Escriben a historia que vai suceder e as obras son as actrices que interpretan o guión.

David seleccionara a Sandra para contarnos algo, pero eu aínda non sabía que era iso que nos querían dicir entre as dúas. Xuntas tiñan un traballo moi duro os próximos días, ían decidir os últimos detalles e cada unha tiña unha tarefa: Sandra produciría un **DEBUXO** sobre a parede da sala e David ía escribir o **TEXTO** co que explicaría a mostra.



Cando entramos, deime un paseo polas instalacións. Os teitos eran altos e as paredes brancas, menos unha, que estaba pintada de negro, con chans de cor gris como DIDAC. Dábame a **SENSACIÓN** de coñecer xa o espazo.

SERÁ QUE TODAS AS SALAS DE EXPOSICIÓNS REÚNEN AS MESMAS CARACTERÍSTICAS? QUEN SABE!

Ten sentido que estes espazos teñan amplas paredes para albergar obras de arte. Decidín instalarme alí, así non botaría de menos a miña casa. Quedei durmida enseguida.

PLAM! Tap tap

Alguén chegara. Acendéronse todas as luces. Abrín os ollos e alí estaba unha das traballadoras en marcha.

ding dong ding dong ding dong

Soou o timbre. Abriu a porta. Eran **SANDRA** e **DAVID.**

—Bos días! —dixeron todas á vez.

Xuntas comentaban a disposición dos debuxos na sala e o texto sobre a mostra, que despois, lerían as visitantes.
TODO UN TRABALLO EN EQUIPO!

Ela comezou a pintar. Sobre o fondo negro xurdiron **ESTRELAS,** estaba a tecer o **UNIVERSO** naquela sala!

Pola noite o ceo vólvese escuro, dáme a sensación de que a paisaxe desaparece. Cando me vou durmir, a ausencia de luz fai que poida pensar e imaxinar moitas cousas. Isto ás veces dáme medo, pero sabedes o meu segredo? Miro ás estrelas, e en ocasións, mesmo, **FALO CON ELAS!** Elas sempre nos acompañan cando imos durmir, dannos **LUZ.**

Sandra seguía debuxando estrelas sobre ese fondo inmenso, que unía con diferentes pontes, a través das cales todas as estrelas podían estar conectadas.

Á noitiña, durmín de novo na sala. Nesta ocasión, o debuxo do universo acompañábame. Sentinme moi feliz rodeada de todas as estrelas brillantes! Comprendín nese momento o que artista e comisario querían contarlles ás visitantes da exposición: todas sentimos **MEDO** algunha vez. Sentilo é normal pero, ás veces, paralízanos e non nos deixa gozar. Podemos enfrontarnos a el, falando do que nos ocorre cando nos invade, coas persoas que queremos.

XUNTAS PODERÉMOLO SUPERAR!

Ao día seguinte, a sala abriu as súas portas para dar paso a moitas persoas que querían vela. Encheuse de xente! Ambas estaban moi contentas vendo como as persoas entendían a **MENSAXE** que lanzaran.

O traballo de David e Sandra finalizara, polo que se achegaba o momento de volver á casa. Para non perder de vista a David, subinme ao seu **ZAPATO** e permanecín nel ata que se montou no coche. Divertinme moito na viaxe, pero desexaba volver a DIDAC e ver que ocorrera alí na miña ausencia.

E VÓS, ATREVÉDESVOS A REALIZAR UN COMISARIADO? SÓ É NECESARIO QUE DISPOÑADES DE MOITA ENERXÍA E IMAXINACIÓN!

Dareivos unhas indicacións que podedes seguir.

1. Apetécevos narrar unha historia? Realizar un **GUIÓN** dun conto? Como acabamos de ver, é posible facelo a través de obras de arte.

2. IMAXINADE unha historia. A temática é libre, a única condición é que os personaxes da mesma sexan obras de arte. Podedes anotar nun papel todo o que vos apeteza contar.

3. ENTRADE na web de DIDAC. Buscade a pestana **PROGRAMA** e picade sobre **EXPOSICIÓNS.** Aí veredes todas as obras que formaron parte de diferentes exposicións.



4. SELECCIONADE aquelas imaxes de pezas que poidan funcionar como personaxes do voso relato e **IMPRIMÍDEAS.** Se necesitades máis información sobre elas non dubidedes en escribirnos, estaremos encantadas de realizar o traballo en equipo.

5. Unha vez impresas, **PENSADE** en como as queredes mostrar. Pegadas nunha parede? Distribuídas sobre unha mesa?

6. BUSCADE un **ESPAZO** no que montar a vosa exposición. Pode ser o voso cuarto, o salón ou o corredor da casa. Calquera lugar pode ser apropiado!

7. MONTADE a exposición no lugar seleccionado.



ENCANTARÍANOS QUE NOS CONTÁSEDES A HISTORIA QUE ACABADES DE CREAR!

Faille unha foto á túa exposición, imprímea e pégaa aquí

SANDRA CINTO
(BRASIL, 1968)

A obra de Sandra Cinto desprende maxia, é unha viaxe poética que nos fala da necesidade de facer un mundo mellor. Inspírase na paisaxe e no universo para crear imaxes. Sandra Cinto quere ser unha ponte no mundo, non quere ser muro. Moitas veces pinta directamente sobre paredes grandes convertendo os espazos nun lugar de ilusión que nos lembra o belo da natureza.